

PREGUNTAS FRECUENTES

Se son habilitado sanitario quedo fora?

Non, a normativa é para a totalidade de profesionais sanitarios, sexa por vía obtención da especialidade de Psicoloxía Clínica, por haberes sido habilitado como sanitario ou por realizar o Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.

Se xa teño rexistrado o meu centro con NRS no Sergas e teño a preceptiva autorización teño que facer algo en sanidade?

Non. A normativa incide nunha obriga que en Galicia xa existía.

Teño que presentar a documentación en algún organismo?

Non, tes que tela a disposición de Sanidade.

O Anexo facilitado polo Consello fala de compulsas, son obrigatorias?

Non, os títulos xa están depositados no rexistro de titulacións estatal e conta con selo electrónico validante.

Teño que estar rexistrado no REPS?

Si, dende o 2014 coa entrada en vigor do Real Decreto 640/2014, de 25 de xullo, polo que se regula o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios.

Se non figuras no mesmo podes enviarnos ao COPG a documentación acreditativa de contar coa cualificación de sanitario, que será remitida ao Consello para a súa inscrición no REPS ou facelo ti directamente [Ministerio de Sanidad - Áreas - Profesionales](#)

Teño que facer algo se no meu centro tamén exercen profesionais da Psicoloxía non sanitarios?

Non, a normativa só afecta aos profesionais sanitarios.